

## ***BASES E CONVOCATORIA DUNHA BECA PARA TITULADOS EN FORMACIÓN PROFESIONAL DENTRO DO PROGRAMA DE BECAS DE FORMACIÓN FEUGA PARA A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P.***

A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA M.P. (en adiante, a Fundación USC), é un medio propio da Universidade de Santiago de Compostela, cuxa finalidade de interese xeral consiste en colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da USC, contribuíndo a exercer con eficacia e eficiencia as funcións que a institución ten asignadas.

A Fundación USC sendo unha entidade vinculada a unha universidade pertencente ao Sistema Galego de Universidades pretende fomentar a estancia de titulados en formación profesional nunha entidade que pode contribuír á inserción profesional para mellorar a cualificación e o desempeño na mesma.

O Programa de Becas de Formación FEUGA é un instrumento adecuado para favorecer a incorporación de titulados recentes ao mercado laboral e para completar a súa formación teórica previa cunha estancia nunha empresa ou entidade. Ademais é un instrumento adecuado para que as empresas ou entidades accedan a profesionais con preparación académica e sen experiencia profesional aos que poidan formar durante un período de tempo.

A Fundación USC ofertará a incorporación en prácticas dentro do Programa de Becas de Formación dunha persoa na área de administración e xestión e procédese a convocar proceso de selección para esta beca.

O procedemento de selección atende aos principios de igualdade, mérito e capacidade, seguindo un proceso de selección que garanta ditos principios.

### **CONVOCATORIA**

#### **1. IDENTIFICACIÓN DO POSTO**

A persoa becada incorporárase á área de administración e xestión da Fundación USC supervisado directamente pola xerencia da entidade.

#### **2. PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA**

A convocatoria realizarase a través do Programa de Becas de Formación FEUGA e o Servizo Público de Emprego de Galicia. Así mesmo, tamén se publicará no perfil de emprego da entidade na súa páxina web.

#### **3. OBXECTIVOS FORMATIVOS**

Baixo a supervisión da Xerencia da Fundación, así como de outros postos intermedios do organigrama da entidade (responsable administración e/ou xefe/a de servizo) o beneficiario acadará os seguintes obxectivos de formación:

- Coñecer o funcionamento dunha entidade con preto de 250 traballadores

- Adquirir experiencia para afrontar un departamento de administración nunha empresa ao rematar o período de formación.
- Coñecer os procesos de traballo na área de administración.
- Adquisición de coñecementos do sector público autonómico.

#### **4. TIPO DE BECA**

Beca de formación con dereito a percibir asignación económica coa que está dotada o programa. A duración da beca será de 6 meses prorrogable ata 12.

#### **5. RETRIBUCIÓN**

As retribucións serán as correspondentes ao Programa de Becas de Formación.

#### **6. LOCALIZACIÓN DO POSTO**

O posto de traballo estará situado en Santiago de Compostela.

#### **7. REQUISITOS**

Cumprir cos requisitos establecidos nas bases dos PROGRAMAS DE BECAS FEUGA destinados a titulados en formación profesional publicados na páxina web de FEUGA no seu punto 4. Requisitos dos candidatos.

#### **8. DOCUMENTACIÓN**

A Fundación USC no momento en que reciba do Programa de Becas de Formación FEUGA a información dos candidatos ou candidatas solicitará aos mesmos a seguinte documentación para a súa valoración:

- Copia do DNI, ou no seu defecto, copia do Pasaporte ou Tarxeta de Residencia.
- Currículo profesional actualizado, con copia de toda a documentación acreditativa dos méritos alegados no mesmo, tanto técnicos, titulacións e estudos e formación complementaria.
- Copia da titulación mínima requirida nas bases da convocatoria publicada a través de FEUGA
- Acreditación do coñecemento do castelán para aspirantes estranxeiros.

A Fundación, reserva o dereito a solicitar aos participantes en calquera momento do proceso, a documentación orixinal ou copia compulsada que entregou durante o mesmo para cotexar.

#### **9. COMISIÓN DE VALORACIÓN**

Os membros da Comisión deberán absterse de intervir, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A Comisión de Valoración terá como función a de coordinar e executar e valorar o proceso de

selección, de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade velando polo estrito cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre ambos os dous sexos.

A Comisión de Valoración poderá ser auxiliada e nomear a cantos asesores e especialistas que considere oportuno para o axeitado desenvolvemento do proceso que actuarán con voz pero sen voto.

A Comisión de Valoración será nomeada e publicada na portal de emprego da Fundación antes do comezo do proceso selectivo.

## **10. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

Os/as candidatos/as remitidos/as por FEUGA realizarán as fases do proceso de selección que se indican a continuación cunha comisión de valoración nomeada pola Fundación USC.

O sistema de selección constará de dúas fases e valorarase segundo o seguinte baremo:

### **Fases do proceso de selección.**

#### **FASE 1. Revisión currículo (30 puntos)**

-Formación académica complementaria e estudos: (30 puntos).

#### **FASE 2. Entrevista persoal (15 puntos)**

O resultado final estará determinado pola suma das dúas fases.

## **11. RESOLUCIÓN DO PROCESO**

A resolución do proceso de selección que se publique abranguerá a relación do candidatos/as seleccionados/as por estrita orde de puntuación final.

## **12. DISPOSICIÓN FINAIS**


A Fundación USC resérvase o dereito a realizar as xestións que considere oportunas para comprobar a veracidade e autenticidade da documentación xustificativa dos requisitos- así como de calquera outra-, aportada polo/a aspirante seleccionado/a con carácter previo á formalización da beca. Calquera anomalía ou irregularidade detectada implicará a exclusión automática e definitiva do proceso selectivo

Durante o desenvolvemento do proceso, a Comisión de Valoración poderá realizar calquera comunicación aos/as candidatos/as por escrito ou telefonicamente, en base aos datos de "localización" indicados na solicitude; por este motivo, os interesados comprométense a manter actualizados ditos datos durante o proceso de selección, comunicando con suficiente antelación calquera variación dos mesmo.

A persoa becada cumprirá con todos os requisitos da convocatoria de becas para titulados (Programa de Becas de Formación, PBF) publicado por FEUGA na súa páxina web.

A Fundación USC garante a absoluta confidencialidade de todos os datos derivados do proceso selectivo que afecten as/os candidatos/as; así mesmo, se garante a protección dos datos de carácter persoal, en cumprimento do REGULAMENTO (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e á Lei Orgánica 3/2018 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais no que resulten de aplicación.

En Santiago de Compostela a 16 de maio de 2022

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Antonio López Díaz', with a horizontal line extending from the end of the signature.

Asdo: Antonio López Díaz

Presidente